



Protocolo de normas de recollida de datos meteorolóxicos

Normas xerais

- A hora da toma de datos procurarase que sexa sempre a mesma, no intervalo que vai das oito a nove da mañá.
- Todos os datos recollidos anotarase no día anterior á toma da lectura, excepto a temperatura mínima que se anotará no mesmo día.
- Os datos recollidos deberán engadirse polo menos unha vez por semana para a súa validación e posterior visualización na Web. Asemade, se hai ou se producen incidencias na recollida de datos, deben por correo electrónico a clima.meteogalicia@xunta.gal.
- Aconséllase non tocar o instrumental antes da lectura ou no seu caso o imprescindiblemente necesario.
- O bo estado do instrumental e a súa limpeza é moi importante para a calidade dos datos. Na **temperatura** (° C) a precisión é con un decimal. Por exemplo, 10.0, 11.2, 12.4 °C.

Na **precipitación** (mm o litros/m²), a auga recollida no interior do pluviómetro medirase coa probeta subministrada a tal efecto, apoiada nunha superficie horizontal, lendo a cantidade na escala de 0 a 10. A precisión é con un decimal.

Para o **percorrido do vento** (km): Farase a diferenza entre a lectura do día e a do día anterior; o valor obtido será o percorrido do vento do día anterior. Para **o resto de fenómenos meteorolóxicos** como treboada, néboa, etc... indicaranse cun "click" na correspondente casiña da páxina web.